

## ACTA DO COMITÉ DE AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE DIRECCIÓN-XERENCIA DO AUDITORIO DE GALICIA

Reunese o comité de avaliación correspondente o 23 de maio de 2017 á 16:30 h, constituído como segue:

Presidente: Martiño Noriega Sánchez

Vicepresidente: Manuel Dios Diz

Secretaria: Silvia Modia Ferreiro

Vogais: M<sup>a</sup> Dolores Álvarez Pérez

Marcelino Fernández Santiago

Belén Hernández Lafuente

Xaquín Monteagudo Romero

Xesús Ron Pereiro

Marisa Sobrino Manzanares

Como dispón a base 7.2 da convocatoria, as cinco candidaturas con maior puntuación -a suma da obtida no plan de actuación e nos méritos- convocáronse a unha entrevista presencial sobre o currículo, os méritos avaliados e o plan proposto.

O comité decidiu que as entrevistas se desenvolvesen a partir dunha exposición inicial de cadanseu proxecto de actuación durante un período de dez minutos no que as persoas candidatas poderían resumir o contido da súa proposta e/ou salientar os seus aspectos máis relevantes. A seguir, deberán contestar, se o comité o considera necesario, ás mesmas preguntas:

- 1.- Cal sería a súa aportación persoal ao Auditorio?
- 2.- Cómo defendería o seu proxecto desde a súa experiencia?
- 3.- Cite tres ou catro actuacións que realizaría de xeito máis ou menos inmediato se fose a persoa elexida.
- 4.- Onde se ve dentro de cinco anos?

A persoa candidata núm. 3 presenta un resumo da diagnose xeral incluída no seu proxecto sobre política cultural, o Auditorio, os espazos, a xestión de públicos, deténdose sobre todo nos datos económicos a partir dos que establece unhas liñas de actuación que fundamenta na transparencia e a democratización da xestión, a planificación e avaliación estratéxica, a participación cidadá, o cambio de relación/evolución de públicos, marketing e comunicación, a exploración de novas fontes de financiamento. A súa aportación persoal ten que ver cunha continua formación académica en diferentes áreas que lle permiten ter unha ampla visión da acción cultural e unha serie de ferramentas útiles para a xestión de traballo en equipo, coordinación de grupos de traballo por áreas ou proxectos, así como a dirección e produción de eventos culturais de toda índole. Para

completar a súa entrevista aporta documentos para apoiar a súa entrevista referidos á evolución ou reparto dos orzamentos en cultura nos últimos anos, unha guía de avaliación estratéxica para institucións públicas, etc.

A persoa candidata núm. 7 fai un breve resumo do seu proxecto no que indica obxectivos plantexados como a educación, a igualdade, a profesionalización, a proxección cultural desde Compostela cara á internacionalización. Fai fincapé na necesidade da planificación e na transversalidade das artes e o interese dos proxectos que poder resultar da interacción entre elas, e na colaboración cos axentes culturais próximos e con outras institucións de dentro e fóra do país. A súa aportación basease na experiencia profesional no ámbito da xestión cultural con orzamentos reducidos, na motivación e boa xestión de equipos.

A persoa candidata núm. 10 centra a súa intervención en dúas ideas: o cambio de fundamento democrático en Galicia e colocar o foco nas persoas máis que nos contidos. Incide no establecemento de redes con outras cidades e no financiamento europeo e colaboración con outras entidades culturais. Destaca do seu proxecto a transversalidade e diversidade cultural a través de liñas programáticas sobre xénero, paz, memoria histórica, ecolóxica e diversidade cultural. Propón actividades escalables orzamentariamente que poderían vir organizadas por escenarios ou áreas.

A persoa candidata núm. 15 incide na dificultade de elaborar un proxecto para unha institución que descoñece pero fai fincapé no equipo de persoal e no financiamento. Deseña un plan de actuación no que destaca a interdisciplinabilidade e a contextualización da programación, rompendo a tradicional organización por categorías. Plantexa complementariedade de uso dos espazos e propón completa a programación das diferentes salas. O plan de financiamento viría da exploración de novas vías a través de colaboracións e patrocinios. Aportaría a súa versatilidade como xestor/a de grupos de traballo e a capacidade para afrontar problemáticas do máis variado.

A persoa candidata núm. 14 fai unha lectura do seu proxecto na que incide na optimización do uso dos espazos así como o acomentamento de melloras dos equipamentos, mellora no plan de comunicación, participación cidadá e creación de novos públicos. Destaca o plan de financiamento en acordo con outras institucións e novidades como certificados de calidade ou a creación dunha oficina de acción cultural.

As cinco persoas entrevistadas se ven dentro de cinco anos desenvolvendo este proxecto con algúns obxectivos xa cumpridos.

Concluídas as entrevistas e trala correspondente deliberación da comisión de avaliación, as puntuacións da entrevista quedan como segue:





Candidato núm.	NIF núm.	Puntuación
<b>3</b>	*****999*	17,85
<b>7</b>	*****049*	12,42
<b>10</b>	*****392*	10
<b>14</b>	*****241*	15
<b>15</b>	*****262*	5

De conformidade co establecido nas bases que rexen este proceso selectivo, finalizadas as baremacións correspondentes, a puntuación final é a seguinte:

Candidato núm.	NIF núm.	Plan actuación	Méritos	Entrevista	TOTAL
<b>3</b>	*****999*	70	19,10	17,85	106,95
<b>7</b>	*****049*	67	25,40	12,42	104,82
<b>10</b>	*****392*	51	15,35	10	76,35
<b>14</b>	*****241*	55	5,72	5	65,72
<b>15</b>	*****262*	37	24,50	15	76,50

Á vista da puntuación total obtida pola/os aspirantes e de conformidade coas bases que rexen esta convocatoria, o comité propón o nomeamento do candidato núm. 3

**Xaquín López González      76411999L**

para o posto de ~~Dirección~~-xerencia do Auditorio de Galicia. O presidente do comité informará ao Consello Reitor e remitirá a proposta á Xunta de Goberno para a súa resolución.

Martiño Noriega Sánchez

Manuel Dios Díz

M<sup>a</sup> Dolores Álvarez Pérez

Marcelino Fernández Santiago

Belén Hernández Lafuente

Xaquín Monteagudo Romero

Xesús Ron Pereiro

Marisa Sobrino Manzanares

Silvia Media Ferreiro